



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Aprobación inicial da modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello da Coruña.

ANUNCIO

Aprobación inicial da modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello da Coruña.

En sesión celebrada o día 30 de agosto de 2023, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello da Coruña, de acordo cos antecedentes que constan no expediente e que se recollen no anexo I que se achega coa presente proposta.

Segundo: Someter o expediente de modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello da Coruña a información pública, mediante a inserción dun anuncio no BOP, durante un prazo de vinte días para a presentación de alegacións, reclamacións ou suxestións. O prazo de vinte días iniciarase ao día seguinte da publicación do anuncio no BOP.

Se durante o prazo establecido non se presentasen alegacións, reclamacións ou suxestións, o acordo considerárase definitivamente aprobado.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, poderán examinar a documentación e presentar alegacións, reclamacións ou suxestións:

Lugar onde se pode examinar a documentación:

1. Xestor de contidos ALFRESCO
2. Portal de Transparencia do Concello da Coruña: <https://coruna.gal/transparencia/rpt2023>
3. Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña:

<https://sede.coruna.gob.es/>

Prazo de exposición pública para o exame e para a presentación de reclamacións: vinte días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, a 31 de agosto de 2023

O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local

José Manuel Lage Tuñas

2023/7149